

EXpte N°: 25/2016 – TERRA: “SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL MEDIANTE GAS NATURAL CANALIZADO ÁS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL”
ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Completada a tramitación do procedemento aberto para a contratación da **“SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL MEDIANTE GAS NATURAL CANALIZADO ÁS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL”**, coa presentación de toda a documentación, reflectida na cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este contrato, requirida ao licitador proposto pola Mesa de contratación reunida en sesión pública o día 5 de decembro de 2016, para a adxudicación deste contrato e vista a fiscalización favorable/positiva da Intervención Municipal de data 13 de decembro de 2016, e dado que a empresa depositou o aval bancario ante a Entidade Local “Concello de Sanxenxo” e non ante o Organismo Autónomo “Terra de Sanxenxo” se fixo un informe complementario de data 30 de decembro de 2016 realizado pola propia Intervención para ratificarse na fiscalización emitida anteriormente en senso positivo, posto que a garantía está depositada. Non obstante, previa sinatura do contrato administrativo, o contratista aportará un novo aval bancario depositado en Terra de Sanxenxo, substitutivo do depositado ante a Entidade Local, e á vista dos antecedentes expostos, esta Presidencia **RESOLVE:**

1º) Adxudicar á empresa “GAS NATURAL SERVICIOS, SDG, S.A.”, o contrato da “SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL MEDIANTE GAS NATURAL CANALIZADO ÁS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL”, polo prezo de 44’96 €/Mwh, e tendo en conta que o consumo de enerxía útil no ano 2015 foi de 604’31 €/Mwh, o prezo estimado é de 27.169’77 €/ano (44’96 x 604’31), esta cantidade non inclúe ningún imposto ao respecto nin o IVE.

O contrato terá unha duración de **DOUS (2) ANOS**, contada dende o día seguinte ao da sinatura do contrato e **coa posibilidade de DÚAS PRÓRROGAS, dunha duración de un (1) ano cada unha delas.**

A presente adxudicación será conforme aos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas polas que se rixe esta contratación, e a oferta presentada polo adxudicatario, debendo procederse á formalización de



contrato en documento administrativo dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación, conforme ao sinalado na **cláusula 15ª** do prego de cláusulas administrativas particulares.

2º) Aos efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar o seguinte:

A esta licitación presentáronse dúas plicas, sendo admitidas ambas de acordo ás ofertas presentadas, e sendo a oferta económica o único criterio de adxudicación, de acordo co disposto na cláusula 8 do prego administrativo, a **Mesa de contratación**, de conformidade coa súa proposta de adxudicación de data 5 de decembro de 2016, obrante no expediente, **acordou adxudicar o contrato á Plica nº UN: "Gas natural Servicios, SDG, S.A", por ser a oferta máis ventaxosa (44'96 €/Mwh)** para as arcas municipais, cunha baixa de 9'99 €/Mwh.

A segunda plica ofertou o prezo que a continuación se detalla:

- **Plica nº DOUS:** Presentada por Don Francisco Cruz Gómez, que actúa en representación da mercantil "**Multienergía Verde, S.L.**". Oferta realizar a subministración polo prezo de **46'87 €/Mwh**.

3º) Aprobar o gasto, con cargo á partida orzamentaria 34210/22103 que se reflicte na fiscalización emitida pola Intervención Xeral en data 13 de decembro do Orzamento Separado do O.A Terra de Sanxenxo, polo **importe estimado de 27.169'77 €/ano, esta cantidade non inclúe ningún imposto ao respecto nin o IVE**. Dada a data do presente acto, como a da formalización desta resolución en documento administrativo, este gasto terase en conta nos vindeiros exercicios 2017, 2018, 2019 e 2020.

4º) Notificar esta resolución a todos os licitadores presentados a este procedemento de contratación.

Dada en Sanxenxo a catro de xaneiro de dous mil dezasete.



O presidente

Gonzalo Gonzalo Pita



ante min, o secretario de Terra

Ángel Luis López Pita